


2-3-4
DECEMBRO 2011

PAZO DA CULTURA
DE PONTEVEDRA




CULTURGAL


FEIRA DAS
INDUSTRIAS
CULTURAIS

SE É
CULTURA,
ESTÁ EN
CULTURGAL

De 11 a 14h30
e de 16h30 a 21h30

Acceso gratuito
www.culturgal.com





ÍNDICE

Introdución
Quen somos?
Cando e onde é a
Feira?
Quen vai participar?
Que vai pasar?
 Nos distintos cuartos
 Toda a información
Contacta

INTRODUCCIÓN

Culturgal é o fogar da cultura galega. Unha gran casa construída entre os distintos gremios da cultura: libro, creación audiovisual, artes escénicas, música, deseño, internet e novas tecnoloxías. Un fogar coas portas e ventás abertas sempre cara á sociedade.

Culturgal celebra un evento anual que conxuga o encontro profesional coa presentación, promoción e venda aberta ao público de produtos e servizos. Para facelo, válese de dous piares fundamentais: a Feira e o Foro. A Feira das Industrias Culturais de Galicia achega ao público as novidades editoriais, o último en música, o glamour do audiovisual, a maxia das artes escénicas, os avances das novas tecnoloxías e as propostas máis marxinais en tres días de actividade sen tregua para os públicos máis variados. O Foro Culturgal, pola súa banda, é un lugar de encontro privilexiado

para os axentes do sector, un espazo para a reflexión e a aprendizaxe, no que intercambiar experiencias e imaxinar novos proxectos baseados na colaboración e no apoio mutuo.

Culturgal é a mellor radiografía dun sector industrial cohesionado, forte, dinámico e moderno que se enfronta a un momento crucial, cheo de grandes cambios, coa despena chea de ideas e de solucións colectivas para os retos que trae o futuro.



QUEN SOMOS?

A Feira das Industrias Culturais está organizada pola Asociación Culturgal, unha entidade da que forman parte as asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Asociación Galega de Produtoras Fonográficas (Agaphono), Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet) e Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi). Culturgal 2011 conta co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), do Concello de Pontevedra, da Secretaría Xeral de Política Lingüística e do Ministerio de Cultura do Goberno de España.

Ademais, colaboran con Culturgal a Deputación de Pontevedra, Nova Galicia Banco, a Fundación Universidade de Vigo, a TVG, a Radio Galega, VTelevisión, Disquecool, Redelibros, Dot, Ledmon, Códigocero, TEDx, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, CIS GALICIA, iBeakens, Orama, Own The Way, Airas Nunes, Restaurante Rúas, Sala Karma e Gadis.

CANDO E ONDE É A FEIRA?

A Feira das Industrias Culturais de Galicia terá lugar os días 2, 3 e 4 de decembro no Pazo da Cultura de Pontevedra, un conxunto de edificios situados ao pé do río, na parte noroeste da cidade. Os distintos cuartos desta gran casa da cultura galega que é Culturgal espállanse ao longo dos case 10.000 m² de superficie edificada que ten este complexo cultural. O corazón do Culturgal estará no recinto feiral, pero as actividades encherán, tamén, outros espazos do Pazo, como o auditorio, o salón de actos e algunha das aulas de traballo. Intentaremos que todo estea perfectamente sinalizado, pero se tes calquera problema para atopar algunha das actividades, non dubides den achegarte á recepción e preguntar.

Onde está?

Rúa Alexandre Bóveda s/n 36005 Pontevedra
Contacto: 986 833 061 | www.pazodacultura.org
En Google Maps: <http://ir.gl/8ae33c>
Coordenadas GPS
Latitude: 42.436729
Lonxitude: -8.63902

Como chegar?

O Pazo da Cultura atópase na rúa de Alexandre Bóveda, a escasos dez minutos do centro urbano e perfectamente comunicado coas principais vías de entrada. Ten un amplo aparcadoiro con capacidade para 1.300 automóbiles, polo que o acceso en coche é cómodo e sinxelo. Tanto dende Vigo como dende Santiago ou A Coruña, hai que tomar a saída 129 da AP-9 (Pontevedra Norte) e seguir as indicacións cara á PO-531. Unha vez na PO-531, hai que xirar á esquerda cara á Avenida de Domingo Fontán, tomar a segunda saída na rotonda en dirección Rúa de Juan Manuel Pintos e, de novo, a segunda saída na rotonda cara á N-550. De seguida verás un edificio enorme ao pé do río. É o Pazo.

Existen múltiples posibilidades para chegar a Pontevedra dende calquera outro punto de Galicia en bus interurbano.

Resumímoschas, cos seus horarios, nun documento que podes descargar aquí (<http://db.tt/00ba4yTU>), pero recomendámosche que antes de iniciar a viaxe comprobes que non hai cambios consultando



directamente coas empresas que prestan o servizo. Todos os contactos están no documento.

Se vives na cornixa atlántica, probablemente prefiras coller o tren. Culturgal ten un convenio de colaboración con Renfe, en virtude do cal todas as persoas que collan o tren para acudir á Feira das Industrias culturais poderán beneficiarse dun desconto do 30% no prezo do seu billete. Para facelo, só tes que descargar e imprimir este documento

(<http://db.tt/T9VyWPpa>). Cúbreo e lévao á túa estación ou oficina de venda de referencia. Alí daranche o billete co desconto establecido. Iso si, este desconto non é acumulable a ningunha outra oferta e os cambios e anulacións teñen a mesma consideración que os emitidos coa tarifa xeral. Podes consultar os horarios e tarifas xerais na web de Renfe: <http://www.renfe.com/viajeros/index.html>

Para chegar ao Pazo dende calquera outro punto de Pontevedra, podes camiñar, chamar un taxi (Radiotaxi: 986 86 85 85) ou coller un bus urbano. A rede de buses de Pontevedra está operada pola empresa Grupo As Rías

(<http://www.grupoasrias.com/>) e conta con catro liñas urbanas e varias liñas comarcais. Tanto a liña 2 como a liña 5 pasan polas inmediacións do Pazo da Cultura. Estes son os seus percorridos: liña 2 (<http://db.tt/HUQxc8Ts>) e liña 5 (<http://db.tt/5NeiHDgv>).

Accesibilidade

Temos o compromiso de facer Culturgal accesible a tanta xente como sexa posible. Se tes calquera requerimento de accesibilidade, podes contactar con nós a través da secretaría técnica e explicarnos cales son as túas necesidades. Comprometémonos a facer todo o posible para atendelas. Contacta a través do correo electrónico organizacion@culturgal.com ou do teléfono +34 881 162 336.

QUEN VAI PARTICIPAR?

Con 69 entidades expoñendo os seus produtos e servizos na feira, máis de 130 profesionais acreditados, unha programación profesional con preto de medio cento de relatores nacionais e internacionais e máis de 120 entidades presentando as súas propostas na programación oficial da Feira, o fogar da cultura galega que é Culturгал constitúe sen lugar a dúbidas o máis completo espazo de encontro e difusión do sector cultural galego.

O máis importante da Feira das Industrias Culturais son as entidades expositoras. Elas son a alma de Culturгал. Este ano son as seguintes:

1. A Xanela do Maxín
2. ACV Galaica
3. AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega)
4. Agadic
5. Agaphono
6. Agapi
7. Agase (Asociación Galega de Empresas de Servizos para Eventos)
8. AGE (Asociación Galega de Editores)
9. Agem (Asociación Galega de Empresas Musicais)
10. AGPI (Asociación Galega De Profesionais Da Ilustración)
11. AGPTI (Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación)
12. Airapro Producións
13. Arinspunk Ak
14. Arteficción
15. Asociación de Gaiteiros Galegos
16. Asociación de Músicos ao Vivo
17. Asociación Galega de Compositores
18. Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural
19. Asociación Oral de Galicia
20. Caramuxo Camisolas da Galiza
21. Concello de Pontevedra
22. Clúster Libro
23. CNTL (Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua)
24. Consorcio Editorial Galego
25. Coordinadora Galega de ENDL
26. Danesga (Asociación Profesional de Danza Escénica Galega)



27. Deputación de Pontevedra. Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico
 28. Dinamo Xestión de Actividades Socioculturais
 29. Disquecool
 30. Dotgalicia
 31. Edicións Positivas
 32. Edicións Xerais
 33. Editorial Galaxia
 34. Eganet (Asociación de Empresas Galegas Adicadas a internet e ás Novas Tecnoloxías)
 35. Elefante Elegante Teatro
 36. El Patito Editorial
 37. Escena Galega (Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas)
 38. Fantoques Baj
 39. Fol Musica-Boa Música
 40. Fundação Bienal de Arte de Cerveira
 41. Galitoon
 42. Gálix (Asociación galega do libro infantil e xuvenil)
 43. Gatea
 44. Idearock-Eidon Música
 45. Implicad@s No Desenvolvemento
 46. Inquedanzas Sonoras
 47. Kukas Producións Artísticas
 48. Libreria Pedreira
 49. Maria Esther Fernández Carrodegas/Collage
 50. Mirmidón Producciones
 51. NóComún
 52. Nonsi? Servizos Culturais
 53. Nordesía
 54. Nortcultura
 55. Ouvirmos
 56. Own The Way

57. Patasdepeixe Editora
 58. Pistacincro (Asociación de Circo e Cabaré Galego)
 59. Pragma Distribuidora
 60. Radio Galega
 61. Redelibros (A Rede Social Galega do Libro)
 62. Reverso / 2.0. Editora
 63. Rinoceronte Editora
 64. Sacauntos Cooperativa Gráfica
 65. Secretaría Xeral de Política Lingüística
 66. Sinsal Audio
 67. Talia Teatro
 68. Toupa.net
 69. TVG
 70. Unima (Asociación Union Internacional De Marionetistas Galicia)
 71. Urco Editora
 72. V Televisión
 73. Zouma Producciones

Ademais, esta edición, nace a Tenda de Culturalgal, un espazo de venda común con todas as comodidades para o público visitante: atención especializada, pago con TPV, seccións temáticas, etc. Un espazo xestionado por profesionais libeiros onde os visitantes poderán acceder a unha selección dos produtos culturais máis destacados (literarios, musicais ou audiovisuais), por un prezo inmejorable. Todos os produtos terán un desconto do 10%.

QUE VAI PASAR?

O recibidor, a cociña, o cuarto dos nenos, o salón, o patio, o garaxe... A gran casa da cultura galega, como todas as casas, está dividida en cuartos. E en cada un destes cuartos sucederán unha chea de cousas maravillosas.

No cuarto dos nenos sucederanse as actividades para o público infantil e xuvenil de xeito continuo ao longo de toda a fin de semana. Obradoiros, exposicións, contacontos, maxia, teatro, danza, presentacións de libros e discos... desde a apertura da feira ata o peche, non haberá un momento para aburrirse.

VENRES 2

11h00 Arte urbana, viaxe de ida e volta das nosas escolas aos nosos muros. Obradoiro con Isaac Sucasas e exposición permanente (de 10 a 14 anos)

11h00 Caramuxo Teatro: *Historia dunha semente* (a partir de 3 anos)

12h30 Asociación ORAL: *Regueifando entre nós*. Obradoiro (a partir de 12 anos)

16h30 Xan Eguía: *A lenda de Cuaima e Mohan* (a partir de 12 anos)

18h00 *Mortos de ningures*, de Pereledi e Andrés Meixide. Rol en vivo (a partir de 8 anos)

19h00 Presentación da Asociación de gaiteros galegos

19h30 *A caza do ghazafello*. Un libro musical (todos os públicos)

SÁBADO 3

11h30 Obradoiro de maquillaxe corporal. Paspallás (todos os públicos)

11h30 Obradoiro de cociña infantil. Ouvirmos (de 6 a 10 anos)

13h00 María Solar e Xosé Tomás: *Vou ter un irmán* (de 3 a 7 anos)

16h30 Berrobambán/Edicións Positivas: *Contatrás* (todos os públicos)

17h30 Matreska: *O guiso*. Que paparota teatral! (todos os públicos)

18h00 Patas de peixe. Contacontos (a partir de 3 anos)

18h30 Anxo Fariña: *Megatoxos e A chave da Atlántida*. (a partir de 11 anos)

20h00 A xanela do Maxín: *Contos desde a xanela*. (de 3 a 9 anos)



DOMINGO 4

11h30 Galeoke II. O xogo que convirte o teu salón nun palco de orquestra. (todos os públicos)
12h00 Mamacabra: *Xa me tardan eses magos*. No Auditorio do Pazo (todos os públicos)
13h30 Fantoques Baj: *Fábula galénica*. Os monicreques ecologistas (todos os públicos)
16h30 Contacontos con Caxoto. As mellores historias populares (todos os públicos)
17h00 Obradoiro *Un mar de sons*. Aula Folque Infantil (de 6 a 12 anos)
18h30 Fran Alonso e Xurxo Souto: *O meu gato é poeta* (todos os públicos)
19h00 Contacontos con Baobab (a partir de 3 anos)

O salón é un cuarto comfortable e amplo no que se sucederán as presentacións das últimas novidades editoriais e as conversas informais entre xornalistas e autores. Un fervedoiro de público e de ideas. O lugar perfecto para presentar e coñecer calquera proxecto relacionado coa industria editorial.

VENRES 2

12h00 Acto inaugural
13h00 Kukas Producións: A Casa dos Monicreques e Campaña de prevención da Obesidade Infantil
14h00 Galitoon: *Monicreque analóxico vs. monicreque dixital*
16h30 Presentación de GATEA. Compañías e educadores que traballan para o público infantil, xuvenil e familiar en Galicia
17h00 2020 European Art Tour. Proxecto de divulgación artística
17h30 Presentación da Escola Permanente UNIMA Galicia
18h00 Ancora Producións: *Snakizados*, lectura dramatizada. A comedia do fin do mundo
19h00 Conversa de Ana Romaní con Antonio Piñeiro, gañador do Premio García Barros con *As fiandeiras*
19h30 Conversa de Ana Romaní co Colectivo Polaquia (Brais Rodríguez e Sergio Covelo)
20h00 Conversa de Ana Romaní con Xulia Alonso
21h00 Federico Cocho: *Guerra Civil. O que pasou en Galicia e en España*

QUE VAI PASAR?

SÁBADO 3

- 12h00 *Onde mercan os Larpeiros*
12h30 Presentación do proxecto editorial de 2.0 Editora
13h00 Colección de libros “*Cociña infantil e familiar*” de Ouvirmos.
13h30 *Criaturas*. Presentación do libro baseado no programa de televisión
14h00 Elena Gallego: *Dragal I e Dragal II*, novelas xuvenís.
16h30 Billarda Experience!! Presentación do disco República Billarda
17h00 Colectivo da Porta Verde: *Q de Vian Cadernos*
18h00 *Guía de Libélulas de Galicia*
17h30 Xosé Tomás: *Nómades*. A emigración a través das mulleres
19h00 Conversa de Manuel Jabois con Manuel Rivas e José Luis Cuerda
20h00 Conversa de Manuel Jabois con Domingo Villar e novos autores de novela negra: Xosé Manuel García López e Francisco Varela Losada

DOMINGO 4

- 11:30 *Guía didáctica de instrumentos galegos*
12:00 Conversa de Xesús Fraga con Mario Regueira e Jacobo F. Serrano
12:45 Conversa de Xesús Fraga con Antón Riveiro Coello
13:15 Conversa de Xesús Fraga con María Xosé Queizán
14:00 Pere Tobaruela: *Poñente*. A relación novelada de Galicia e Caluña
16:30 Fran Alonso: *Ninguén*. A tecnoloxía e as relacións persoais
17h00 Presentación de *A praza é nosa* (Editora 2.0.), unha ollada sobre o 15M coordinada por Marcos Pérez Pena.
18:00 Conversa de Teresa Cuíñas con Emilio Alonso e Víctor de las Heras sobre os seus libros sobre a movida viguesa dos anos 80
18:30 Conversa de Teresa Cuíñas con Uxía
19:00 Conversa de Teresa Cuíñas con Carlos Callón



Para fedellar coas pantallas e trebellos que forman parte ineludible da nosa vida e da nosa maneira de entender a cultura hai que baixar ao garaxe, o recuncho no que atopar e difundir todo o relacionado coa industria audiovisual, as novas tecnoloxías da información, os novos medios e, en xeral, calquera proxecto baseado na creación e na distribución de contidos culturais.

VENRES 2

13h00 Demostración tecnolóxica: Own the way - OTW 360°. Información, vinculación e xestión integral dos visitantes a un espazo turístico ou cultural

13h30 Demostración tecnolóxica: iBeakens. Acceso a información multimedia cultural e turística desde móbiles de nova xeración a través de códigos QR e tecnoloxía NFC

14h00 Demostración tecnolóxica: Orama. Ferramenta para a promoción de actividades de ocio e cultura específica para móbiles de nova xeración

17h00 Mario Iglesias presenta o seu último

proxecto, *Rosario*. Un filme que será gravado case integramente en Pontevedra

18h00 Ignacio Vilar presenta *Vilamor*, un filme cen por cento galego

19h00 Presentación da programación de Vtelevisión

SÁBADO 3

13h00 Demostración das aplicacións da Unidade de Realidade Virtual do CIS Ferrol. A tecnoloxía industrial ao servizo da cultura

17h00 Presentación do estudio Arinspunk, deseño artesanal intelixente

17h30 Jorge Algora: *Sen embargo, quérote*. Un drama sentimental ambientado nunha das grandes cidades de Galicia

18h30 *Angélica y Roberta*. A serie máis freak de internet

DOMINGO 4

17h00 *En todas as mans. O monte en mancomún*. Documentar o patrimonio cultural

18h00 Xavier Belho: *Música do sétimo día*. Música gravada coa frescura do directo

QUE VAI PASAR?

No outro extremo da casa estará o patio, a área máis canalla desta casa. Un bar con programación non stop de música, teatro e danza. En pequenas doses, para que dea tempo a dixerir todas as novidades. Entre pílula e pílula, vídeos cos grandes eventos culturais e as últimas propostas escénicas deste ano.

VENRES 2

- 12h30 *Vai*. A nova aposta de tres ex-compoñentes de Fía na Roca
13h30 *Traspediante: Baleadas*. Danza, teatro e audiovisual
16h30 *Bichakadela: Soños*. Teatro contemporáneo
17h30 *M. Carballo Trío: You knew it*. Un paseo polos territorios do blues e do rock
18h30 *Pentalfa*. Música espontánea
20h30 *Das Kapital*. Poesía e vangarda, expresión máxima dos adentros

SÁBADO 3

- 11h30 *Azos Jazz*. Coa actuación de Alberto Vilas Quinteto
12h30 *Combo Dinamo: Quieto, muere, resucita*. Todas as aristas do pop
13h30 *Crebinsky*, presentación do DVD. Coa presenza da Banda Crebinsky
16h30 *Collage*. Xogo literario e teatral
18h30 *Berrogüetto. O pulso da terra*. Presentación da biografía escrita polo xornalista musical Fernando Neira, xunto co concerto ao vivo en formato CD + DVD
19h30 *Germán Díaz: Método Cardiofónico*. Ao ritmo do corazón
21h00 *Pedrito Diablo y Los Cadáveras*. Un repertorio inspirado no surf instrumental

DOMINGO 4

- 12h30 *Assembly Point*. Folk acústico de Galicia, Portugal e Irlanda
13h30 *Riobó*. A banda que dirixe a violinista Begoña Riobó.
16h30 *Aline Frazao: Clave Bantu*. A voz africana que canta bossa nova
17h00 *Mambo*. Comedia contemporánea para tódolos públicos e nacionalidades
17h30 A violinista Patricia Moon presenta temas do seu novo disco



18h00 *Mambo*. Comedia contemporánea para tódolos públicos e nacionalidades

18h30 *Vaamonde, Lamas e Romero*. Homenaxe aos Trinta de Trives

18h30 *Elefante Elegante. Calçada da Memoria*. A evocación dun espazo común. (No Faiado)

19h00 *Mambo*. Comedia contemporánea para tódolos públicos e nacionalidades

19h30 2uS. Música espontánea e medio camiño entre o jazz, o funk e a world music

O Faiado do Culturgal é un lugar de encontro para aquelas persoas que soñan, xogan, crean e exploran dende un posicionamento marxinal. Persoas que crean nos lugares máis insospeitados e que traen ao faiado as súas propostas máis innovadoras e rupturistas. Baixo a coordinación de Juanma LoDo, o Faiado de Culturgal 2011 concentrará a súa programación no sábado 3, no que dende as 12h00 ata o peche da feira se sucederán as presentacións de proxectos e obras e as conversas entre colectivos e persoas da cultura galega que nace e se desenvolve á marxe da industria. Para cerrar a programación do Faiado, ás 20h haberá un happening multidisciplinar, no que se expresará o resultado da reflexión colectiva ao redor do concepto de “cultura marxinal” a través do vídeo, son, palabras e expresión corporal.

QUE VAI PASAR?

E FÓRA DA FEIRA...

Culturgal espalla este ano tamén petiscos da súa programación pola cidade de Pontevedra, cuxo centro histórico se converterá durante os días que dure a feira no escenario perfecto para máis diversas actividades culturais. Algunhas destas actividades son as seguintes:

XOVES 1

22h00 Off Culturgal. PechaKucha de novas propostas culturais organizado pola publicación galega Disquecool. Na Sala Karma. Entrada libre ata completar aforo

VENRES 2

21h00 MAPEA Culturgal. Lugares singulares de Pontevedra. Entrada libre en todas as actividades, ata completar aforo

21h00 Cuarteto Caramuxo: *Tiruriru*. Reinterpretando a música tradicional galega. Na Praza da Verdura

21h30 Malvela: *Raianas*. Música tradicional fresca e apaixonada. Na Praza de Abastos

22h00 Gonzalo Vázquez. Moda, arte en movemento. No CITA (prazas limitadas)

22h30 Mercedes Peón. A muller máis carismática da música tradicional galega. Na Praza de Abastos

23h00 Cuarteto Caramuxo. Reinterpretando a música tradicional galega. Nos arredores da Praza de Abastos

23h15 Mago Teto. Maxia de cerca. Na Casa da Luz (prazas limitadas)

23h30 Poetas da Hostia. *Vendo a miña alma, poxa de poeta*. No Pequeno Karma.



0h00 Proyecto Trepja. Folk sen complexos.
No CITA (prazas limitadas)
0h30 Niño y Pistola *as Arthur & The Writers*.
Pop británico con toques americanos directo
dende o Val Miñor. Na Sala Karma

SÁBADO 3

22h00 Culturgal a Escena. No Teatro Principal.
Entrada: 5 euros, anticipada (na Tenda Culturgal)
e 8 euros no despacho de billetes do Teatro
Principal, a partir das 20h do sábado.

Os da Ría

Davide Salvado: *Árnica pura*

P&G Circus: *Roces&Goces*

Talía Teatro: *Pelos na lingua*

Ke-percussion: *Todo é percusión*

La Macana: *Ven*

Chévere: *O modelo empresarial máis feble*

DOMINGO 4

14h30 Xantar literario con Fina Casalderrey,
Xabier P. Docampo, Pepe Cáccamo e Xesús Fraga.
No Restaurante Rúas. O prezo por comensal é de
30[€] e as prazas son limitadas.

A reserva de praza realízase a través do mail
[contidos\(at\)culturgal.com](mailto:contidos(at)culturgal.com).

TODA A INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

XOVES 1

22h00 Na Sala Karma. Off Culturalgal. Entrada libre ata completar aforo

Artes plásticas, audiovisual, música, deseño, arquitectura, gastronomía ou fotografía son algunhas das disciplinas que abarcan as doce propostas creativas que se presentarán no Off Culturalgal, unha noite pensada pola Feira das Industrias Culturais e a publicación de tendencias Disquecool para atopar novos creadores, novas ideas e propostas do ámbito galego. As presentacións faranse segundo o coñecido formato xaponés PechaKucha, baseado en que cada persoa empregue para a súa presentación 20 imaxes de 20 segundos de duración.

As persoas que se acheguen ao Off Culturalgal 2011 coñecerán:

- A vida dun prato, da man de Abastos 2.0 e Ramón Escuredo
- A terapia *Habitación de Hospital* da asociación cultural Sen Marco
- A proposta documental acerca da socioloxía do vestir de Clara Castro Peccis *Direiche quen es*
- *Sacred Peak 2012* de Sentinel Wardrobe
- Os concertos comando do Coro da Rá
- Os mobles de cartón de Adriana Filgueiras
- O proxecto cultural *El Halcón Milenario*
- O sistema modular creado por Imaide para Calzados Victoria
- *A Mil a Gritos Showroom* de Rocío Vázquez
- Os proxectos arquitectónicos de Verónica Gallego e Ondrej Fabian

- A interpretación visual que fai Suso Sueiro dunha partitura inédita do pintor surrealista Eugenio Granell a través dos seus cadros

- A interpretación de singulares instrumentos como o Serrucho Musical, o Zendrum ou o iPad que fai Pulpiño Viascón

VENRES 2

11h00 Cuarto dos nenos. Obradoiro
Criterios de compra de produtos culturais

Neste obradoiro pedirase aos rapaces que elaboren unha especie de decálogo con consellos o máis imaxinativos e divertidos posibles sobre como mercar ben. Tamén pediránlle que investiguen un pouco sobre a importancia dunha boa librería e a labor dos libeiros e escriban unha carta de agradecemento e a lean alí en voz alta como unha pequena homenaxe. Finalmente os participantes levarán un pequeno agasallo feito no centro como agradecemento a súa labor.

11h00 Cuarto dos nenos. Obradoiro sobre
Arte urbano, viaxe de ida e volta das nosas escolas aos nosos muros

Os rapaces e rapazas reflexionarán sobre a cultura a través da arte urbana. Achegaranse ao mundo do graffiti: que é? de onde ven? cal é a diferenza entre o vandalismo e a expresión artística urbana? E plasmarán os resultados desta reflexión na súa propia obra de arte urbana. Varios centros de ensino traballarán nos días previos á feira nunha obra colaborativa,



un gran mural que se exporá en Culturgal e que lles amosarlá ás persoas que asistan á Feira das Industrias Culturais a creatividade e a cultura que habitan as nosas escolas e as rúas das nosas cidades.

11h00 Cuarto dos nenos. Caramuxo

Teatro: *Historia dunha semente*

Caramuxo Teatro é unha compañía de teatro infantil e familiar formada por Juan Rodríguez e Laura Sarasola. No 2005 estrean *Glub, Glub*, que foi no seu momento o primeiro espectáculo de teatro para bebés producido en Galicia. Os seus espectáculos misturan diferentes técnicas: teatro de actor, títeres, danza... e céntranse nuns textos elaborados a partir da súa experiencia no eido educativo, nunha estética coidada e nunha escolla musical axeitada, de modo que o resultado sexa un traballo poético emotivo e visual para disfrutar en familia. Con *Historia dunha semente*, achégannos unha fábula que reflexiona sobre a natureza e os cambios que se producen nela

12h30 Cuarto dos nenos. *Regueifando entre nós*, coa Asociación Oral de Galicia

A regueifa é a manifestación máis estendida no noso país do secular arte popular da improvisación oral en verso do que se atopan referencias dende a Antiga Grecia e Roma pasando polas cantigas de escarnio e maldicir da Idade Media ata os nosos días.

Neste obradoiro falarase da súa técnica, de como aprendela e practicala ou simplemente gozala e doutras manifestación que se lle asemellan moito como o hip-hop. Tentarase tamén que sirva para estar ao cabo da actividade dos regueifeiros e da asociación, para que todos e todas saiban onde e cando acudir a un enfrontamento entre regueifeiros ou a un obradoiro ou un xantar regueifeiro. Estas actividades está organizada polos maiores defensores da regueifa: A Asociación Oral de Galicia.

12h30 Patio. Vai. A nova aposta de tres ex-compoñentes de Fía na Roca

Vai é un novo grupo formado por Xosé Ramón Vázquez no acordeón, Roberto Santamarina no violín e Gao Rodríguez na guitarra e a mandolina. Os tres foron membros de Fía na Roca, onde se coñeceron e tocaron xuntos nos últimos quince anos. Agora presentan este proxecto, un formato acústico adaptable a todas as situacións, sólido no musical e lixeiro na posta en escena. A súa música é na maior parte de composición propia pero sen deixar de lado o mellor repertorio tradicional, do que interpretan varias pezas tentando darlles un aire orixinal, enérxico e cunha sonoridade diferente, recreando o popular para convertelo en algo novo, modelado cos arranxos e ideas duns músicos de hoxe en día. Pretenden chegar a todos os lugares e audiencias posibles: desde un concerto acústico nunha pequena sala ata o escenario dun festival de verán. Todo está aberto, mesmo a transformación en quinteto cando a situación o requira, sumando a percusión de Carlos Castro e o contrabaixo de Pablo Pérez. E deste xeito agardan andar os camiños de Galicia e do resto do mundo para chegar ali onde queiran apreciar o seu traballo.

13h00 Salón Kukas: A Casa dos Monicreques e Campaña de prevención da Obesidade Infantil

A Casa dos Monicreques pretende ser un espazo de exposición, creación, investigación, exhibición, e promoción das marionetas en xeral, e dos Monicreques de Kukas en particular. A Casa dos Monicreques ademais de conxugar as artes escénicas e as artes plásticas, ten unha proxeción como actividade artesán, educativa e terapéutica, no que se encadra a Campaña de prevención da obesidade infantil

TODA A INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

que está a percorrer as escolas. Este espazo non é só a sede da compañía Os Monicreques de Kukas, senón tamén o espazo que acolle todo o patrimonio creado pola compañía dende fai 30 anos e o lugar onde sentar as bases dunha escola – taller de construción e posta en escena de marionetas. A campaña de prevención da Obesidade Infantil é un proxecto de programación de funcións escolares da obra Un agasallo para Xaquín

13h00 Garaxe. Own the way - OTW 360°. Información, vinculación e xestión integral dos visitantes a un espazo turístico ou cultural. As formas de comunicar e interactuar entre un xestor turístico ou cultural cos visitantes dun espazo implican unha esixencia crecente: xeorreferenciación, vídeo, audio, realidade aumentada, fotografía, redes sociais, idiomas, tecnoloxía móbil, actualización constante, vínculo, comunidade, etc. Neste contexto, o xestor enfróntase ao paradoxo de situarse en liña coas novas formas de acceso á información e consumo de bens e contidos culturais fronte á necesaria eficiencia que os orzamentos minguantes impoñen. Como resposta a estes retos, Own the way, empresa especializada na creación de material tecnolóxico-audiovisual, presentaranos a ferramenta para dispositivos portátiles OTW 360°.

13h30 Patio. Traspediente: *Baleadas*
A compañía Traspediente trae á feira a súa obra *Baleadas*, unha peza escénica pedagóxica, que mistura o teatro e a danza. Ao atractivo base destas dúas disciplinas, a peza engade a animación audiovisual xenerada en directo e visionado o anaglifo. A obra, dirixida ao público infantil,

está inspirada no poemario *balea2* de Estevo Creus e supón un xogo permanente entre as baleas, as cores e o público.

13h30 Garaxe. iBeakens. Acceso a información multimedia cultural e turística desde móbiles de nova xeración a través de códigos QR e tecnoloxía NFC

Ibeakens é unha nova ferramenta de difusión de contidos multimedia a través de dispositivos móbiles, pensados para áreas de actividade como museos, turismo, audiovisual ou centros de interpretación. Os seus obxectivos principais son a posta en valor do patrimonio natural e cultural a través da difusión por medio de novos soportes accesibles a todo tipo de usuarios, o fomento do ecoturismo como ferramenta clave para a desestacionalización e promover o respecto ao medioambiente creando rutas autoguiadas que fomenten a biodiversidade. Ibeakens cre na creación de sistemas de interpretación do patrimonio natural e cultural non invasivo, en servizo permanente, en múltiples idiomas e con información novidosa, atractiva e de fácil divulgación, revalorizando e recuperando tradición, lenda, historia e coñecemento científico asociados a determinados enclaves. Asimesmo aposta por o fomento do turismo estranxeiro mediante a creación de novos soportes multiidioma (dispoñible en máis de 21 idiomas).

14h00 Salón. Galitoon: *Monicreque analóxico vs. monicreque dixital*
Galitoon non cre que o mundo dos monicreques non poida adaptarse ás novas tecnoloxías, todo o contrario.



Esta productora de TV, Teatro e Espectáculos está convencida de que os monicreques son un medio de desenvolvemento profesional, campo de experimentación e unha oportunidade para novos negocios. A súa presentación vai dirixida a profesionais do mundo do entretemento e da educación, ademais do público interesado en coñecer máis sobre o entretemento baseado na manipulación de monicreques.

14h00 Garaxe. Orama. Promoción de actividades culturais en móbiles de nova xeración

Orama é unha aplicación para dispositivos móbiles e basea o seu funcionamento en dous conceptos clave: o xeoposicionamento e todas as posibilidades que ofrece a realidade aumentada. As entidades programadoras de actividades poden enviar a información actualizada da súa programación a Orama, que a introduce no sistema para que estea dispoñible nos terminais dos usuarios. Estes, pola súa banda, poderán acceder en todo momento á información e horarios das actividades que se desenvolven no seu entorno e dirixirse directamente ao lugar onde se celebre a actividade á que queren acudir.

16h30 Patio. Bichakadela: *Soños*.

Soños é un espectáculo de teatro contemporáneo da compañía Bichakadela, que nace a partir das músicas de Ignacio Sanz. Esta obra pretende ser unha inmersión nos desexos, a realidade e a percepción que temos da mesma.

16h30 Cuarto dos nenos. Xan Egia: *A lenda de Cuaima e Mohan*

A lenda de Cuaima e Mohan é unha historia de destinos, de responsabilidades e de amor e tamén a primeira novela de Xan Egia, editada por Sotelo Blanco. É a historia dunha elección, porque o destino é exactamente iso, elixir constantemente. Nas eleccións na selva é importante non trabucarse, xa que a tribo depende de ti e hai un tigre que asexo nas sombras ou unha serpe cuxos pesadelos anegan a luz do día. *A lenda de Cuaima e Mohan* é unha novela épica, de sagas que reinventan o mito das orixes, na que o narrador enfronta os mitos como historias que sucederon ou están a piques de suceder e que se repiten nun tempo descoñecido.

17h00 Salón. 2020 European Art Tour

O 2020 Art Tour é un proxecto europeo de divulgación artística e cultural enfocado a novos artistas de tódalas disciplinas. O seu obxectivo é crear unha plataforma de promoción e de mercado para pintores, deseñadores, fotógrafos, escultores, actores, músicos e outros artistas nun marco de cooperación interrexional europeo. O primeiro circuito no ano 2012 estará composto por Galicia e Portugal e ofrecerá unha oferta multidisciplinar cara ao público en cada feira: exposicións e venta de pintura, fotografía, escultura, talleres, cinema, teatro, concertos e outros eventos. Utilizarán os propios espazos urbanos como salas de arte, co obxectivo de no ano 2020 percorrer, mediante as súas feiras itinerantes por toda Europa, unha distancia equivalente ao ecuador do planeta terra (40.075,004 km).

17h00 Garaxe. Mario Iglesias: *Rosario*

Rosario é un film escrito e dirixido por Mario Iglesias, director pontevedrés consagrado e moi recoñecido dentro

TODA A INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

do sector audiovisual. O produtor que o abala é Juan Ignacio Abia Carreira, unha empresa adicada á produción de animación e efectos visuais. Director e produtor xa traballaran xuntos en *De Bares*, *Catalina* e *Relatos*, tres das anteriores longametraxes de Mario Iglesias. A temática que se toca en Rosario é o drama dunha muller abandonada polo seu marido, que non consegue recompor a súa vida e convírtese nunha espectadora compulsiva da nova vida do seu ex ata chegar a niveis psicopáticos. O filme será gravado case íntegramente en Pontevedra. Neste momento están na procura da financiación.

17h30 Patio. M. Carballo Trío:

You knew it

Manuel Carballo presenta, xunto con David Outumuro e Alberto García, o seu segundo traballo discográfico, *You knew it*. Un EP que contén cinco cancións de composición propia que transitan por territorios sureños do blues-rock, con un sonido propio, renovado e máis definido.

18h00 Cuarto dos nenos. *Mortos de ningures*, de Pereledi e Andrés Meixide

O rol en vivo é unha actividade lúdica na que un grupo de persoas interpretan diversos personaxes e xuntos escenifican unha historia, coma se dunha obra teatral se tratase, pero sen guión. As persoas interpretan o seu personaxe dentro dun marco histórico e argumental inicial, desenvolvendo a historia segundo as decisións tomadas e a interacción con outros personaxes. Ademais dos xogadores, está tamén o labor dos Directores de Xogo, que son as persoas encargadas de crear e de coordinar a historia, os misterios, e as diversas tramas. Nesta ocasión, a actividade está pensada para público infantil e transcorrerá durante unha hora, aproximadamente,

na que os nenos e nenas se converterán nos protagonistas do libro *Mortos de Ningures* e axudarán a resolver os misterios que nel se prantexan.

18h00 Garaxe. Ignacio Vilar: *Vilamor*

Vilamor é un filme de Ignacio Vilar rodado en galego nas montañas lucenses. *Vilamor* conta a historia de Breixo, un rapaz altruista que se ve sorprendido por algo inaudito: a instalación dunha comuna hippie ao lado da súa aldea. A pesar de estar moi preto das forzas vivas da aldea, Breixo déixase seducir polo estilo de vida alternativo deste grupo de persoas e bóttalles unha man para recuperar a aldea de Vilamor. Era o ano 1977. A ditadura franquista acababa de esmorecer e vislumbrábase a idea, o sonho, dunha vida distinta. Os actores e o director presentarán o trailer da película e unha plataforma interactiva chamada *Explora Vilamor* que lle permitirá ao público deseñar rutas da rodaxe, así como extender os contidos e a promoción da película na redes sociais.

18h00 Salón. *Snakizados*, lectura dramatizada

Snakizados é unha comedia escrita e interpretada por Gustavo Pernas Cora e que pertence á serie de Logomonos. A historia céntrase no día despois da hecatombe, entre cascallos de todo tipo, nunha paisaxe baleira na que nace unha besta. Este ser maniféstase como un collage de anacos con voces diversas e contradictorias. Saen todas pola boca da criatura que emerge da terra como un monstro, quere dicir... como un home reciclado.

18h30 Patio. Pentalfa. Música espontánea

Pentalfa é unha iniciativa que xorde da necesidade de realizar



música espontánea sen grandes alardes técnicos e que pretende ser efectiva en calquera contexto. Galicia é o núcleo de partida destes cinco músicos pertencentes a diferentes agrupacións, pero que xuntos apostaron por elaborar sobre a base da música tradicional e medieval unha proposta rotunda, eficiente e sinxela para chegar da forma máis directa posible ao espectador. Pentalfa son os cinco ángulos dunha estrela, que simboliza neste caso á música, e os cinco músicos son as puntas que sobresaen desta estrela. Maxia e música para sentir.

19h00 Salón. Conversa de Ana Romaní con Antonio Piñeiro

Antonio Piñeiro é autor de *As Fiandeiras*, a novela que se fixo este ano co Premio García Barros. A novela desenvólvese no século XIX e conta a historia dun grupo de fiandeiras, o seu intento de emancipación do monopolio tecelán madrileño e o enxuízamento a que son sometidas. Ao tempo, describe a chegada a unha vila galega dunha mestra e como achega o ensino da lectura e escritura ás mulleres. Enfiáanse así o colectivo e o individual, nunha historia escrita con mestría e nun texto de enorme riqueza literaria, do que o autor conversará coa xornalista cultural Ana Romaní.

19h30 Salón. Conversa de Ana Romaní co Colectivo Polaqia: Brais Rodríguez, Sergio Covelo

O colectivo de debuxantes de cómic Polaqia presentou este ano o seu último número da revista Barsowia, tras dez anos de publicación. Os seus integrantes aseguran cos obxectivos con que naceu, principalmente ter onde publicar banda deseñada xa se cumpriron. A recoñecida xornalista da Radio Galega Ana Romaní conversará con Sergio Covelo e Brais Rodríguez sobre o labor do colectivo e das súas últimas obras *A man do diaño* e *La desertora/Bajo asedio*, respectivamente.

19h30 Cuarto dos nenos. *A caza do ghazafello*. Un libro musical

Este non vai ser un paseo para preguiceiros. Vai ter que esforzarse moito o teu tacto, o teu gusto –haberá comida a oito–, encherás o teu ouvido con imaxes maravillosas... E sobre todo vai ter que traballar a feito o músculo de pensar, ese sentido que non se ve, que lle chaman imaxinación. Espero que a teñas ben adestrada porque lle imos ofrecer en doses moi altas o alimento que máis a excita: os debuxos, a música e as palabras

20h00 Salón. Conversa de Ana Romaní con Xulia Alonso

Xulia Alonso arrombou o mercado editorial galego co seu primeiro libro, *Futuro imperfecto*. A autora narra a historia máis importante da súa vida: a do seu amor por Nico e a da experiencia da súa perda, así como a descuberta, nos primeiros anos 80, do mundo das drogas que lle deixarán unha pegada indeleble que marcará o seu futuro: o VIH. *Futuro imperfecto* é unha historia na que a literatura e a vida camiñan da man e da literatura e da vida é do que falarán a autora e a xornalista Ana Romaní.

20h30 Patio. Das Kapital. Poesía e vangarda, expresión máxima dos adentros

O Leo pon a súa voz, o poeta e xornalista Dani Salgado as bases, o compositor e arreglista Marcos Paino os sintetizadores, Chou e Tomás Ageitos as guitarras e seu irmán David encárgase das percusións nunha agrupación con ideoloxía propia, que tira a dar, con intención e con liberdade. Poesía e vangarda, expresión máxima dos adentros. Das Kapital chama a «decidir se queremos facer parte do problema ou queremos facer parte da solución». O ouvinte debe decidir e actuar.

TODA A INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

21h00 Salón. Federico Cocho. *Guerra Civil. O que pasou en Galicia e en España*

Guerra Civil: Que pasou en Galicia e en España narra desde unha perspectiva global o que ocorreu na Guerra Civil seguindo un fío galego, sempre encadrados na evolución dos acontecementos no resto da península. En Galicia non houbo trincheiras, pero a represión franquista deixou preto de 5.000 fusilados e paseados e milleiros de mozos galegos mortos en crueis batallas lonxe da casa. Federico Cocho actualiza, reúne e sintetiza nesta obra a información dispoñible 75 anos despois daquel verán de 1936.

21h00 Na Cidade. MAPEA Cultural: A Cultura toma os recunchos da cidade

Na noite do venres, os lugares singulares do casco histórico de Pontevedra encheranse de cultura. Un roteiro de diversas e intensas actividades, en formato showcase, tomarán as rúas, as prazas e os edificios da cidade, enchéndoo de novas propostas culturais galegas. A noite comeza con dúas opcións de música tradicional: o Cuarteto Caramuxo, que presentará o seu espectáculo *Tiriru* na praza da Verdura e, de seguido, o concerto de Malvela na praza de Abastos as 21.30h. Ás 22h tomará o relevo o deseñador Gonzalo Vázquez, que realizará un desfile de moda coas súas últimas propostas no CITA, arroupado por unha proposta de danza e outra de música. Despois, Mercedes Peón tomará a praza de Abastos coa súa enerxía e carisma ás 22h30 e, para os que non chegaron á primeira sesión ou para os que lles soubo a pouco, volverá tocar o Cuarteto Caramuxo. Cara ás 23h presentaranse dous espectáculos íntimos e participativos: primeiro, o Mago Teto intentará sorprender aos máis escépticos na Casa da Luz e, de seguido, os Poetas da Hostia abrirán unha poxa poética no Pequeno Karma. A noite

rematará, como non, con música. O folk sen complexos de Projecto Trepja no CITA a medianoite e o pop británico de Niño y Pistola as *Arthur & The Writers* na sala Karma ás 00.30h.

SÁBADO 4

11h30 Cuarto dos nenos. Obradoiro de cociña infantil, con Ouvirmos

Os alumnos e alumnas terán a oportunidade de participar activamente metendo literalmente as mans na masa. Aprenderán a traballar diferentes tipos de mesturas para realizar pans, muffins e galletas, que unha vez amasadas, pasarán polo forno. Ao final da sesión, cada alumno levará a casa unha mostra dos produtos amasados e elaborados por el mesmo.

11h30 Cuarto dos nenos. Obradoiro de maquillaxe corporal, con Paspallás

Neste obradoiro os nenos/as, grandes e pequenos poderán facer as súas maquillaxes de fantasía imitando tatuaxes, pinturas con abalorios ou ben unha maquillaxe artística. Os pés, as mans o corpo como soporte para a creación. Aberto a todas as idades, poden participar pais e nais.

11h30 Patio. Presentación de Azos Jazz.

Coa actuación de Alberto Vilas Quinteto

Azos é un brinde polo jazz vencellado a Galiza. Nace para apostar polos novos valores deste xénero no país e para dar conta das colaboracións artísticas entre jazzistas de calquera



parte do mundo que teñan Galiza como lugar de encontro. Azos, un proxecto de Abe Rábade e Sergio Lago, presentarán na feira dúas novidades discográficas: *Bill Goodwin Quartet «Live in Santiago»*, gravado ao vivo no Festival dos Abrazos, e o primeiro traballo de Alberto Vilas Quinteto, dos que poderemos disfrutar dunha breve actuación.

12h00 Salón. *Onde mercan os Larpeiros*. Un libro baseado no programa da TVG

Velaquí unha nova achega do programa Larpeiros, neste caso da man de Tomás Alonso e Víctor López, que pretende ilustrarnos sobre como se producen e onde se adquiren os ingredientes que se empregan no programa. Un percorrido por Galicia a través dos seus produtos de calidade e da súa paisaxe, unha festa de recendos e sabores na que non falta o humor.

12h30 Salón. Presentación do proxecto editorial de 2.0 Editora

2.0 Editora é unha editorial dixital multisupoorte e multiformato que naceu hai un par de anos en Compostela co obxectivo de publicar en formato dixital as propostas de todos aqueles autores e editoriais que sintan a necesidade de facer da Internet unha das súas canles de distribución. Editan produtos textuais tanto en soportes tradicionais como en novos formatos accesibles para ebooks e móbiles, sempre adaptados tanto ao concepto de páxina tradicional como aos novos conceptos de páxina dixital e as súas diferentes necesidades, ben sexa en producións de tinta impresa, tinta dixital, tinta electrónica ou textos para o oído (podcasting). A súa liña editorial integra tres coleccións: “Mundos”, de narrativa de ficción social; “Textos dixitais”, que aglutina obras nadas cun enfoque fundamentalmente ensaístico e de divulgación sobre a sociedade do coñecemento; e

“Folcsonomías”, que recolle unha serie de obras de referencia e consulta para comprendermos a nova pragmática da comunicación, a lingua, e a súa aplicación na sociedade do coñecemento.

12h30 Patio. Combo Dinamo: *Quieto, muere, resucita!*

Combo Dinamo son unha banda de pop con base en A Coruña que está a presentar o seu segundo Lp, tras gañar este verán o primeiro premio no Festival Noroeste pop rock. Combo Dinamo ofrece en 12 cancións un compendio musical que vai desde o pop rock máis actual con clara influencia británica ata o lado máis psicodélico do power pop. Ou incluso unha combinación de pinceladas ochenteiras mesturada con tintes do garage dos 60. Cun título como *Quieto, Muere, Resucita!* Combo Dinamo amosan as súas cartas cara riba, que non son outras que as que lles tocan en sorte a un grupo que asume a súa propia edición e distribución musical.

13h00 Cuarto dos nenos. María Solar e Xosé Tomás: *Vou ter un irmán*

María Solar é presentadora e coordinadora do programa cultural *Zigzag Diario* da TVG. Como autora céntrase no público infantil. Agora presenta, xunto a Xosé Tomás, un libro protagonizado pola incerteza que unha nena sente cando os seus pais lle din que vai ter un irmán. As preguntas acoden voando á súa cabeciña: e como será?, e como é posible iso?, e como vai cambiar a miña vida?, e os meus pais agora van ser diferentes?

TODA A INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

13h00 Garaxe. Aplicacións da Unidade de Realidade Virtual do CIS Ferrol

Situado en Ferrol, o CIS constitúe un instrumento de singular importancia para o desenvolvemento do tecido empresarial de Galicia. A Culturgal achegan unha demostración práctica das múltiples aplicacións que a realidade virtual pode ter para montaxes de estruturas de espectáculos, para escenografía de artes escénicas e música, ademais das numerosas aplicacións en turismo e patrimonio.

13h00 Salón. Presentación da colección “Cociña infantil e familiar” de Ouvirmos

Atreveríaste a converter un ovo nun cogomelo? Unha pera nun rato? Ou facer unha hamburguesa con pan de berenxena? Ouvirmos axúdache a conseguilo. Todas estas propostas divertidas e innovadoras forman parte de *Bocadillos e Sándwiches e Sobremesas*, o primeiro e segundo volume da nova colección editorial dedicada á cociña infantil e familiar. A colección está composta por 10 libros de receitas que ensinan a preparar pratos fáciles e creativos especificamente concebidos para experimentar en familia. Cada volume inclúe 20 receitas realizadas con ingredientes básicos, explicadas paso a paso dunha forma sinxela polos profesores titulados de Hostalería Miguel A. Caruncho, David Cidre, Santiago Martínez e Xenxo Pereiro, e fotografadas por Tono Arias. Na presentación estarán o director de Ouvirmos, José M. Aldea, e os coautores das obras, Xenxo Pereiro e Santiago Martínez.

13h30 Patio. Crebinsky, presentación do DVD. Coa presenza da Banda Crebinsky *Crebinsky* naceu como unha curta no ano 2002 da man do director Enrique Otero. As produtoras galegas Control Z,

Chevere Visión y ZircoZine convertírona nunha largometraje que xa demostrou o seu tirón nos cines galegos. Os Crebinsky é unha road movie auténtica, unha viaxe interior de encontros inesperados, sentimentos agochados e recordos borrados. Os irmáns Crebinsky están perdidos e sen saber onde van, acaban descubrindo de onde veñen. Agora presentan o CD e DVD.

13h30 Salón. *Criaturas*. Un libro baseado no programa da TVG

Relacionado co programa da TVG de mesmo nome, este libro recolle 25 historias curiosas protagonizadas por animais, en Galicia, con consellos sobre a súa saúde, curiosidades sobre o seu comportamento, preguntas e respostas.

14h00 Salón. Elena Gallego: *Dragal I e Dragal II*. Literatura xuvenil

A escritora Elena Gallego presenta a segunda novela da súa saga Dragal, *A metamorfose do dragón*. Coa policía investigando o estraño roubo da igrexa de San Pedro, Mónica prepárase para acudir á súa cita na Poza da Moura. A moza non sabe aínda que a noticia da desaparición de Hadrián corre pola vila coma un regueiro de pólvora nin que alguén vixía de preto os seus pasos. Mentres agarda por ela, Dragal descobre, por primeira vez na súa milenaria existencia, a limitación dos seus poderes. Para recuperar o seu lugar privilexiado na escala biolóxica, o dragón ten que absorber a materia gris do cerebro de Hadrián e acadar a simbiose da súa alma. Se consegue humanizarse o mundo será seu, mais do contrario... Na procura dun milagre que lles axude a salvar o seu amigo, Mónica e don Xurxo deberán desvelar as claves agochadas na milenaria igrexa de San Pedro. Daquela descubrirán que, para cumprir os designios da profecía, os cabaleiros da Orde de Dragal xa iniciaron o seu regreso.



16h30 Cuarto dos nenos.

Berrobambán/Edicións Positivas:

Contatrás

O proxecto Contatrás xira arredor do poemario do mesmo nome de Paula Carballeira e publicado por Positivas. Coincidindo coa súa re-edición en papel por parte de Positivas. Este poemario achegarase ó público en diferentes formatos: libro, e-book, e audio-libro. Ademáis, a compañía Berrobambán levará a escena unha versión do poemario baixo o nome *A folla máis alta* na que achegará a un público familiar o universo do libro e da poesía. Nesta presentación ó público asistente poderá coñecer de xeito lúdico e participativo os pormenores deste proxecto de colaboración así como as últimas novidades da Editorial Positivas.

16h30 Salón. Billarda Experience!!

Presentación do disco *República Billarda*

Billarda Experience é un alegato a favor da billarda e da súa conservación. Na feira levarase a cabo un campeonato aberto de billarda ao que lle seguirá unha exposición na que se explicará o proceso de recuperación e difusión deste espectacular deporte de esencia tradicional que está a asentarse definitivamente grazas ao intenso traballo da Liga Nacional de Billarda. Tamén presentarán o disco *República Billarda*, que recolle máis de trinta achegas doutros tantos grupos galegos con temas exclusivos de temática billardeira.

16h30 Patio. *Collage*. Un xogo literario e teatral

Collage é un espectáculo teatral-literario interpretado por unha escritora, María Esther Fernández, e dous actores, que interveñen na dramatización. *Collage* é un xogo literario composto de 45 tarxetas que conforman (ou non) un todo. Un xogo entre o lector, a escritora e os seus personaxes, Alicia e

Alberto. *Collage* é tamén un reto no que a escritora se enfronta aos lectores -e aos seus personaxes- cara a cara, metres a pequena Alicia non fai máis que saír das letras para protestar, pedir que sucedan cousas interesantes, decepcionarse coa súa escritora, rirse dela ou berrarlle ata se faltar.

17h00 Garaxe. Presentación do estudio **Arinspunk.**

Deseño artesanal intelixente Arinspunk (AK) adícase ao deseño gráfico. Ou, como lles gusta presentarse a eles, fan deseño artesanal intelixente. Deseño, porque comunican visualmente ideas e conceptos por medio de diferentes soportes. Artesanal, porque son artesáns dixitais, aínda que non crean arte mais tampouco son un fast-food do deseño. Intelixente, porque cada elemento do seu deseño conta. A súa forma de traballo consiste en ver a documentación previa, descubrir detalles agochados e identificálos co resultado.

17h00 Salón. Colectivo da Porta Verde: **Q de Vian Cadernos**

Q de Vian cadernos é unha iniciativa do colectivo A Porta Verde do Sétimo Andar, que busca incidir na visibilidade da produción artística galega e establecer un punto de encontro entre distintas disciplinas artísticas. Ademais de presentación do proxecto, Alfonso Láuzara, Miguel Ángel Alonso Diz e Alberte Momán realizarán un pequeno recital. Este colectivo abre periódicamente a porta á participación de artistas galegos e galegas, así como a autores e autoras de países lusófonos cos e coas que xa actualmente se manteñen relacións.

TODA A INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

18h00 Salón. *Guía das Libélulas de Galicia*, de Baía Edicións

Guía das Libélulas de Galicia (Baía Edicións) é un manual sobre os insectos que reciben en Galicia as denominacións de tizóns do demo, cabalos do demo, gaiteiros do demo, sacaollos, quitaollos, mollacús, lavacús, gaiteiros y candileiros o candís. Coñecidos na súa variante máis formal como libélulas ou libeliñas. En termos técnicos están agrupados na orde dos Odonatas.

17h30 Garaxe. Jorge Algora: *Sen embargo, quérote*

Sen embargo, quérote é un drama sentimental, ambientado na área metropolitana dunha das grandes cidades de Galicia e que aborda as consecuencias que un accidente de tráfico provoca nas vidas e nas relacións afectivas, dun grupo de mozos de 20 anos. Trátase da cuarta longametraxe do director Jorge Algora e contará co talento emerxente de Christian Escuredo, Déborah Vukusic, Ruben Prieto, Mariana Expósito, Dani Lago, Estivaliz Veiga e Cristina Ramallal; acompañados polos sólidos valores interpretativos de Rosa Alvarez, Belén Constenla, Alfonso Agra, Cesar Cambeiro, Suso Lista, Toño Casais e Chencho Campos.

17h30 Cuarto dos nenos. Matreska:

O guiso. Que paparota teatral!

O señor que escribe as obras fixo que Leticia e Papabola viviran nunha cociña dentro do escenario dun teatro. Cando se prenden os focos e nas butacas hai xente, Leticia é feliz. Aínda que a Papabola iso de facer unha función non lle fai ningunha graza. Leticia ten unha mascota moi feitiña que

se chama Octavio e un vello oso de peluche que se chama Oso. Papabola é un larpeirón e o que lle gusta é comer. Sobre todo, carne de coello, que é moi rica e está chea de vitaminas. Ten un monte de aparellos de cociña: gorro, delantal e un gran libro de receitas. E como Octavio é un coello, Papabola ten un plan: metelo na pota, guisalo e papalo todo... con chicharos e patacas novas... que paparota!

17h30 Salón. Xosé Tomás: *Nómades*. A emigración a través das mulleres

Nómades é a primeira entrega que a editorial Galaxia lle dedica á novela gráfica. Xosé Tomás ten desenvolvido a súa actividade maioritariamente no eido da ilustración infantil e xuvenil e do humor gráfico e agora presenta unha visión da emigración a través de historias de mulleres dirixida a un público adulto. Cada capítulo leva o nome dunha muller e céntrase na súa historia. Hai unha muller que cruza o estreito e chega a un lugar como España, outra que podería ser cubana e que chega aquí como médica. O autor investiu dous anos documentándose para construír esta visión da emigración. Trátase dunha historia que ten fe na superación persoal, que comeza cunha travesía pola morte e remata coa redención humana, co regusto da esperanza, nun mundo no que a palabra “estranxeiro” é universal. Literatura e debuxo danse a man neste libro fermosamente traballado polas artistas mans de Xosé Tomás, de tal maneira que se converte nunha experiencia estética completa.

18h00 Cuarto dos nenos. Contacontos con Patas de peixe

A editorial Patas de Peixe presentará algún dos seus títulos contando uns contos que lles descubrirán aos máis



pequenos a importancia da natureza, o amor independentemente da forma e da raza, a superación dos medos...

18h30 Patio. Berrogüetto. *O pulso da terra*. Presentación da biografía do grupo

O xornalista e crítico musical Fernando Neira é o responsable da primeira biografía de Berrogüetto, Berrogüetto: El pulso de la tierra, tras 15 anos de historia. O libro vai acompañado dun DVD que recolle un concerto de Berrogüetto en Santiago de Compostela en 2010 e un CD có audio do mesmo. Neira recolle de maneira minuciosa a historia do grupo ao longo destes 15 anos de actividade, tanto en Galicia como nas súas xiras internacionais. Ponlle especial atención á eclosión do folque galego, como un dos fenómenos musicais máis relevantes para a recuperación do patrimonio cultural do país.

18:30 Garaxe. *Angélica y Roberta*. A serie máis freak de internet

Presentación do trailer e do primeiro capítulo de *Angélica y Roberta*, unha serie freak para emisión por internet de capítulos de 12 a 15 minutos sobre dúas rapazas que viven xuntas. A serie cóntanos o día a día de dúas amigas moi particulares que tras pasar a treintena deciden irse da casa familiar e emprender unha aventura xuntas. Unha comedia ambientada no rural galego, no que as protagonistas nos abren as portas da súa casa con horta e hórreo, o seu cachiño de terra onde aplicar a súa peculiar forma de vida. Ademais dos capítulos, haberá outros contidos e promoverase a interactividade co espectador. A presentación correrá a cargo das creadoras e actrices da serie, que adoptarán os papeis de *Angélica* e *Roberta* para explicar o proxecto.

18h30 Cuarto dos nenos. Anxo Fariña: *Megatoxos e a cara oculta da Lúa e A chave da Atlántida*. Premio Merlín de Literatura Infantil 2011

Anxo Fariña é escritor, ilustrador e director de arte. Compaxina o traballo creativo co contacto directo cos seus lectores. Destacan entre as súas coleccións: «Os Megatoxos», da que xa vai pola súa cuarta entrega *Os megatoxos e a cara oculta da Lúa* (2011). Anxo Fariña ven de acadar ademais o Premio Merlín de Literatura Infantil de 2011 coa obra *A chave da Atlántida*, unha novela de ciencia ficción na que, a un ritmo trepidante, se mesturan os mitos dunha civilización antiga coas posibilidades ofrecidas polas biotecnoloxías e da robótica do futuro. Unha aventura que non dá tregua, onde non falta nin o amor nin as persecucións nin as probas fantásticas, na que se somete a indagación dos lectores e lectoras novos un dos tópicos da mitoloxía clásica.

19h00 Salón. Conversa de Manuel Jabois con Manuel Rivas e José Luis Cuerda

O escritor Manuel Rivas e o cineasta José Luis Cuerda falarán co xornalista pontevedrés Manuel Jabois dos camiños de ida e volta que unen a literatura e o cine, a partir das súas experiencias con *A lingua das bolboretas* e *Todo é silencio*, a última novela de Rivas que Cuerda está rodando en Galicia. Rivas falará tamén da antoloxía de relatos *O máis extraño*, que ven de presentar con Xerais.

19h30 Patio. Germán Díaz: *Método Cardiofónico*

Latexos de corazón en vinilo, instrumentos mecánicos e zanfona. O novo espectáculo musical de Germán Díaz está baseado nos dos latexos do corazón que o doutor Iriarte gravou

TODA A INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

nos anos 40 e editou en vinilo co nome de *Método Cardiofónico*. Tomando como base estes latexos, crea un universo sonoro único cos instrumentos mecánicos que emprega. Todo elo mentras lee a partitura gravada con pequenos ocos nun cartón.

19h45 Salón. Conversa de Manuel Jabois con Domingo Villar e novos autores de novela negra: Xosé Manuel García López e Francisco Varela Losada

A novela negra está de moda na literatura galega e na do resto do mundo e quen mellor para analizar o fenómeno que un best-seller do xénero como Domingo Villar. Villar falará da primeira novela protagonizada por Leo Caldas, que se publicará a principios do 2012, co xornalista e escritor Manuel Jabois e máis cos tamén autores do xénero negro Xosé Manuel García López e Francisco Varela Losada. Ambos os dous veñen de presentar, tamén, as súas novelas *Pegadas nun labirinto baleiro* e *Un epitafio axeitado*.

20h00 Cuarto dos nenos. *Contos desde a xanela*

Contos desde a Xanela é un espectáculo da Xanela do Maxín no que os títeres e a música en directo nos serven para chamar a atención dos máis pequenos sobre os contos tradicionais galegos. Contos de raposos, galiñas, pais e fillos... Deixa ademais un camiño aberto a que os nenos e nenas indaguen xunto cos seus avós e avoas na cultura oral e na sabiduría popular.

21h00 Patio. Pedrito Diablo y Los Cadáveras

A banda Pedrito Diablo y Los Cadáveras presentará nun

concerto instrumental os temas do seu disco de debut *El Cuerno del Chivo*, publicado en setembro de 2011. Pedrito Diablo nace en 2010 cando a compañía de teatro Troula Animación propón a Los Cadáveras, que entón eran membros doutras bandas, facerse cargo de toda a parte musical dun dos seus pasarrúas Calaveras y Diablitos. Durante o 2010 a banda colle ritmo facendo actuacións na rúa comprobando o éxito da proposta musical, polo que trasladan o formato ás salas de concerto, incorporando ao equipo unha guitarra e unha trompeta para dar forma a un repertorio inspirado no surf instrumental.

22h00 No Teatro Principal. Culturgal a Escena. Todos xuntos e revoltos.

O sábado as propostas nocturnas concentraranse no Teatro Principal a partir das 22h e ata a media noite. A parella co humor máis auténtico, Os da Ría, conducirá o espectáculo; Davide Salvado achegará toda a súa forza na presentación do seu disco *Árnica pura* e tras del; P&G Circus animará a velada cun espectáculo circense e musical; Talía Teatro encherá o escenario coa representación da súa última obra *Pelos na Lingua*; Ke-percussion intentará que os asistentes se ergan das butacas a pura percusión; La Macana presentará o seu videoclip ao vivo e a compañía de teatro Chévere pechará a noite, como comezou, cō humor do seu sketch *O modelo empresarial máis feble*.

DOMINGO 5

11h30 Cuarto dos nenos. Galeoke II

Galiza é un país de artistas, iso é así. Non hai sobremesa, romaría ou festa de colegas que non remate entonando algún



dos grandes éxitos da nosa música popular. Que é o que faltaba? Facer diso un xogo. Os creadores Galeoke non inventaron nada, pero déronse de conta de que coas ferramentas xa existentes os galegos non nos identificabamos en absoluto. Pero se nen sequera lle sabemos pronunciar ben o nome! E daí saíu a idea do Galeoke, da necesidade de encher un deses moitos ocos que aínda ten a nosa lingua. É por esa necesidade que o Galeoke atopou nun ano de vida (presentouse no CulturGal 2010) o seu lugar tanto nos centros de ensino, empregado como apoio nas aulas de lingua ou música, como en reunións familiares na casa, en salas de concertos, nas festas do barrio ou da vila e un longuíssimo etc.

11h30 Salón. *Guía didáctica de instrumentos galegos*, de Ouvirmos

Este libro-CD presenta unha exhaustiva clasificación e descrición dos instrumentos galegos e as súas partes, coa súa etimoloxía, orixe e evolución. Unha excelente e práctica ferramenta de apoio para o coñecemento e ensino da música galega, ilustrada con máis de 100 fotografías e acompañada de 40 pistas de audio con todos os instrumentos. Inclúe ademais unha pista interactiva en formato web con múltiples recursos e un obradoiro para a construción de instrumentos sinxelos. En palabras do mestre artesán Antón Corral, quen asina o prólogo do libro, supón «un legado de coñecementos históricos e actuais, a piques de desaparecer sobre os instrumentos populares e tradicionais galegos. Na presentación estarán o director de Ouvirmos, José M. Aldea, e o autor, Moisés Quintás.

12h00 Auditorio do Pazo. Mamá Cabra: *Xa me tardan eses magos*

Un mollo de cancións para esperar con máis ilusión a chegada dos Magos. Unha presada de temas para cantar, para bailar,

para choutar coa mesma ledicia e enerxía que sempre atopamos nos discos de Mamá Cabra. Como en anteriores traballos de Mamá Cabra, participaron importantes poetas galegos, como son Antón Cortizas, Gloria Sánchez, Antonio García Teijeiro.

12h00 Salón. Conversa de Xesús Fraga con Mario Regueira e Jacobo F. Serrano

Jacobo Fernández Serrano e Mario Regueira veñen de publicar senllas obras de referencia sobre Lois Pereiro: *Lois Pereiro. Breve encontro* (Xerais) e *Lois Pereiro. Unha persecución* (2.0 Editora), respectivamente. Delas e da figura do poeta falarán os autores co xornalista Xesús Fraga, a menos dun mes para que remate o ano adicado ao autor monfortino.

12h30 Patio. Assembly Point. Folk acústico de Galicia, Portugal e Irlanda

Assembly Point é un proxecto innovador de tres músicos de diferentes nacionalidades que atoparon na música folk acústica o punto común e a súa paixón. Xuntos crearon novos temas instrumentais a partires das ricas tradicións dos seus países de orixe: Galicia, Portugal e Irlanda. Luis Peixoto é un multi-instrumentista especializado en instrumentos de corda portugueses. Eoghan Neff é un violinista e musicólogo irlandés premiado internacionalmente. Fernando Barroso é un músico galego especializado en instrumentos de corda pulsada. Compaxina a súa actividade musical en Assembly Point, coas bandas galegas Riobó, Coanhadeira e Os Cempés. O grupo presentou este ano o seu primeiro disco.

TODA A INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

12h45 Salón. Conversa de Xesús Fraga con Antón Riveiro Coello

Antón Riveiro Coello é un dos narradores máis premiados dos xurdidos na literatura galega durante a pasada década. Presenta agora a súa última novela, *Laura no deserto* (Galaxia) e dela e doutros asuntos falará co xornalista e tamén escritor Xesús Fraga.

13h15 Salón. Conversa de Xesús Fraga con María Xosé Queizán

María Xosé Queizán é unha das escritoras de máis nítida voz da Galicia de hoxe. Directora da revista Festa da palabra silenciada e pensadora feminista, como narradora publicará nas próximas semanas *Meu pai vaite matar* (Xerais) e sobre isto e outros asuntos falará co xornalista e escritor Xesús Fraga.

13h30 Patio. Riobó

Begoña Riobó é unha das violinistas con maior proxección no panorama musical galego. Comezou a súa carreira formando parte de bandas destacadas como a de Carlos Núñez ou Susana Seivane, pero agora emprendeu a súa viaxe en solitario e converteuse na primeira violinista folk galega en liderar o seu propio proxecto. Riobó é o nome do grupo de Begoña e tamén o título do seu primeiro traballo discográfico, que se caracteriza polo virtuosismo dos seus músicos á hora de arranxar e interpretar melodías da tradición galega, sendo fieis ás súas formas e orixe. Deste xeito, cada concerto convírtese nunha mostra de sensacións, onde conviven as raíces culturais máis puras con formulas interpretativas actuais. Acompañando a Begoña, en Riobó atópanse catro recoñecidos músicos: Fernando Barroso (Guitarra), Marcos Campos (gaita,

acordeón e frautas), Xosé Liz (bouzouki), e Fernando Pérez (Frautas e requinta).

13h30 Cuarto dos nenos. Fantoques Baj: *Fábula galénica*

A obra para marionetas *Fábula Galénica* ten a súa orixe no texto do mesmo nome, galardoadado co VIII Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques na modalidade infantil. Nel réndese homenaxe ás narracións tradicionais, ás radios de galena e á ciencia farmacéutica. A fábula conta a historia do rei Don Cardo, que decide construír un castelo que acaba cos recursos naturais e económicos do lugar. Este feito provocará a reacción dos animais que viven nos seus dominios. Esta obra, estreitamente relacionada coa literatura de transmisión oral, procura o humor, a diversión e transmitir unha mensaxe ecoloxista. A proposta de representación deste texto está baseada na capacidade máxica e fascinadora dos títeres de luva e pretende realzar o papel protagonista dos animais da fábula: o burro, a raposa e o lobo.

14h00 Salón. Pere Tobaruela: *Poñente*. A relación novelada de Galicia e Caluña

Poñente, escrita por Pere Tobaruela, ten como protagonistas a Carme e Josep. Carme é unha muller de hoxe en día mergullada nun fondo proceso de cambio emocional. Para ela a luz do poñente ten un perfil concreto: unha galega chamada Sarela que, entre outras cousas, a obriga a cuestionarse a súa identidade sexual. Atendendo a coordenadas temporais diferentes, o poñente tamén constitúe o horizonte persoal de Josep Sadurní, un dos pioneiros cataláns do século XIX que emigraron cara a terras galegas e que asentaron aquí para sacar adiante con éxito a industria da salgadura, marcando para sempre o devir da poboación



da beiramar deste país. Carme é unha profesora que, motivada por Sarela, comeza unha investigación sobre os industriais cataláns que se dedicaron á salga. Esta pescuda ábrenos unha fiestra ao coñecemento das relacións entre Cataluña e Galicia.

14h30 Na Cidade. Xantar literario

Os escritores e escritoras galegas atrévense coa gastronomía. Puxeron as súas receitas sobre o papel e agora queren compartilas nun xantar literario organizado por Culturgal no que os seus lectores serán tamén comensais. O xantar literario de Culturgal 2011 terá lugar o domingo 4 de decembro ás 14h30 no Restaurante Rúas. O menú estará composto pola tortilla segundo receita de Pepe Cáccamo, a empanada de millo de croques de Fina Casalderrey, o peixe sapo en prebe de abelás e viño albariño especialidade de Xabier P. Docampo e unha sobremesa elaborada con froitos silvestres segundo as indicacións de Xesús Fraga. Os autores porán o seu toque na receita e acompañarán aos comensais nunha comida para falar de gastronomía, literatura e outras exquisiteces. O prezo por comensal é de 30€ e as prazas son limitadas. A reserva de praza realízase a través do mail [contidos\(at\)culturgal.com](mailto:contidos(at)culturgal.com).

16h30 Patio. Aline Frazao: *Clave Bantu*. A voz africana que canta bossa nova

Aline Franzao ten as súas raíces familiares en Cabo Verde, Portugal y Brasil, pero ela criouuse en Angola. En todo momento a súa música desprende esa mestura cultural, que a fai alternar entre a bossa nova, a fusión e os ritmos africanos. Aline Frazão empezou a cantar en público na súa escola de Luanda, Angola, con 9 anos e os 15 xa era unha experta da guitarra. En non

moito tempo publicaría o seu primeiro disco *Rascunhos*, có que colleitou moi boas críticas. Recorrendo coa voz as súas propias orixes musicais, Aline bebeu dentre outros de Tom Jobim, Filipe Mukenga, Elis Regina e moitos outros dos iconos do jazz e da música africana. De Luanda a Lisboa, e de alí a Barcelona e Madrid. E agora en Galicia. A os seus 23 anos xa ten na man o seu segundo disco *Clave Batu* que presentará no Culturgal.

16h30 Salón. Fran Alonso: *Ninguén*. A tecnoloxía e as relacións persoais

A obra de Fran Alonso *Ninguén* aborda os actuais xeitos de relación entre as persoas nas sociedades urbanas e o modo en que a cidade e a tecnoloxía inflúen para mudar os medios que empregamos para comunicarnos. O libro está centrado na convivencia entre os veciños dun edificio, pero tamén no uso da tecnoloxía como paradigma das formas de relación. Desde a presenza do teléfono móbil ata o contacto persoal a través das redes sociais, Ninguén explora esa nova condición que hoxe nos define aos cidadáns das comunidades contemporáneas, vencelladas, entre outras cousas, ao individualismo, á máquina, á soidade e ao ruído.

16h30 Cuarto dos nenos. Contacontos con Caxoto

Este contacontos está especializado na dramatización dos contos populares galegos, para que os nosos nenos e nenas coñezan a través dos contos a nosa cultura e costumes. O mesmo tempo procura instruír os nenos no coidado dos libros e na importancia das letras e da interpretación.

TODA A INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

17h00 Garaxe. Presentación do proxecto documental *En todas as mans. O monte en mancomún*

Galicia conta con aproximadamente 3000 comunidades de montes en mancomún, que xestionan perto de 700.000 hectáreas de territorio galego, o que representa 29,85% da superficie forestal. O documental *En todas as mans: o monte mancomún* pretende divulgar a propiedade en mancomún, escasamente coñecida e valorada pola sociedade galega, como parte do patrimonio cultural galego e sinalar a propiedade en mancomún como unha ferramenta válida para a xestión do territorio. O proxecto está en fase de preproducción. Para o seu financiamento artellouse unha estratexia de crowdfunding.

17h00 Patio. *Mambo*

Mambo é a primeira produción de teatro dun grupo de actores e actrices licenciados na Escola de Arte Dramático de Galicia que buscan unha nova forma de facer comedia. Presentan unha novidosa maneira de facer teatro en Galicia, sen iluminación, sen son, sen máis artificio ca interpretación dos propios actores e actriz. *Mambo* é unha comedia contemporánea para tódolos públicos e nacionalidades, con temática universal: o amor, o poder e o sexo... Na súa web ofrecen o espectador a posibilidade de aprender a linguaxe Mambo ou xogar no seu videoxogo *Mambo Invaders*. Repetiranse os pases de 15 minutos ás 18h00 e as 19h00.

17h00 Cuarto dos nenos. Aula Folque infantil: *Un mar de sons*. Obradoiro

Un Mar de Sons é un obradoiro da Central Folque no que traballa interdisciplinarmente música e medio mariño. Nel os participantes achéganse ao mar e a todo o seu imaxinario

desde unha perspectiva psicoacústica. Outra maneira de coñecelo, outro xeito de posta en valor. A primeira parte será de mostra de instrumentos asociados ao mar, dende a extensa familia que o compón: caracolas, buciñas, cazús, zumbidores, soallas, anzás, caxixis, raspadores e tambores oceánicos. Na segunda parte, os nenos e nenas aprenderán a levar o ritmo con algúns deles e algunhas cantigas adaptadas aos nenos que empregan o vocabulario mariño.

17h30 Patio. A violinista Patricia Moon presenta temas do seu novo disco

O grupo Patricia Moon, encabezado pola violinista viguesa, adiantará na feira os temas do seu segundo disco, que será publicado no 2012. No seu primeiro disco tocaba ela gran parte dos instrumentos, pero nesta segunda aposta xa reuniu unha banda que a arropa no esceario. Patricia Moon xa colaborou con artistas de rock como Siniestro Total, Los Piratas ou Marc Eagleton. O pasado ano obtivo unha das poucas becas outorgadas pola facultade de Música Berklee College of Music de EEUU, onde estudia actualmente.

18h00 Salón. Conversa de salón de Teresa Cuíñas con Emilio Alonso e Víctor de las Heras sobre a movida viguesa dos anos 80
Vigo está asociada a movida dos 80, para ben e para mal. Os músicos e artistas galegos encontraron en Vigo e no seu ambiente contestario a súa casa e unha oportunidade única de expresión. Sobre este momento histórico incomparable e as súas pegadas na cultura galega falará a xornalista Teresa Cuíñas con Emilio Alonso e Víctor de las Heras, autores de *Vigo a 80 revoluciones por minuto* e *O Vigo da movida*, respectivamente.



18h00 Garaxe. Xavier Belho: *Música do 7º Día*. Música gravada coa frescura do directo *Música do 7º Día (Md7D)* é un experimento audiovisual. Un mosaico da realidade musical galega construído usando a cámara fotográfica Canon 7D como única ferramenta. Un domingo na vida dos artistas máis representativos do panorama musical do país, dos que son e dos que están. Videoclips gravados en plano secuencia e con son en directo. Sen aditivos nin montaxes. Música para conservar coa frescura do directo. Xavier Belho presenta o seu proxecto acompañado por algún dos músicos que participaron nas primeiras gravacións.

18h30 Faiado. Elefante Elegante: *Calçada da Memoria*

O Elefante Elegante crea espectáculos de teatro visual baseados no xesto e no movemento. As súas creacións buscan a universalidade, xurdindo da fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais. A compañía, de orixe galego-portuguesa, foi creada en 2007 por María Torres e Gonçalo Guerreiro e ten a súa sede na Coruña. O espectáculo *Calçada da Memoria* é unha evocación do interior e do exterior, do espazo íntimo e do público. Nunha sala diáfana evocan casa. Actores, público e escenografía partillan o mesmo espazo. Unha casa que pretende estimular os sentidos a través da interacción cos espazos, obxectos e habitantes. De espectadores a visitantes, de convidados a habitantes. Para sentirse en casa.

18h30 Patio. Vaamonde, Lamas e Romero. Homenaxe aos Trinta de Trives O trío máis retranqueiro da música galega renóvase e preséntanos a súa nova proposta musical cun repertorio

composto exclusivamente por temas dunha formación única da historia de Galicia: Os Trintas de Trives. Suso Vaamonde, Pedro Lamas e Xosé Lois Romero, ofrécennos a súa particular visión cómica e desprexuízada deste cuarteto, que triunfou hai máis dun século aquí e alén das nosas fronteiras a través do seu novo traballo *O Tambor de Prata*.

18h30 Cuarto dos nenos. Fran Alonso e Xurxo Souto: *O meu gato é poeta*. Xogo literario musical

O meu gato é un poeta é un libro que pretende transmitir a poesía dun xeito lúdico, divertido e, sobre todo, accesible para os lectores e lectoras. Fran Alonso e Xurxo Souto ideárono coma se fose un xogo ou un obradoiro. O meu gato é un poeta bota man da fusión de xéneros literarios a través da reflexión, da poesía visual, dos xogos de palabras, da interacción, dos caligramas, da narración, da música, das novas tecnoloxías para conseguir unha proposta poética fresca e divertida. O libro vai acompañado dun CD que enriquece o texto grazas á mestura de distintas artes e amplía ante os lectores a súa visión da poesía, permitíndolles abordar novas dimensións e agRANDANDO a súa percepción sensorial.

18h30 Salón. Conversa de Teresa Cuíñas con Uxía

O seus 25 anos de carreira artística converten a Uxía nunha das voces máis populares e valorizadas da nosa lingua. Da súa carreira, viaxes e influencias falará coa xornalista Teresa Cuíñas, como tamén do seu último traballo, *Meu Canto*, no que as cancións seguen a ter a presenza latente da música tradicional, cun tratamento innovador.

TODA A INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

19h00 Cuarto dos nenos. Contacontos con Baobab

Baobab teatro presenta a Andrea Bayer nunha sesión de contos para disfrutar en familia, haberá contos de libro, contos orais, contos dramatizados e contos con obxectos. Nun estilo e unha maneira particular de contar historias onde tanto os papás, mamás e os nenos poderán sentir, disfrutar e gozar dos contos.

extensa carreira e unidos agora pola exploración da música improvisada e a composición espontánea. 2uS é unha fórmula musical instrumental moi cercana ao concepto actual do jazz europeo, onde a improvisación convive con elementos e influencias do funk, a música contemporánea ou world music. Iniciaron a súa colaboración como creadores de espazos sonoros para funcións de teatro, e en 2008 presentan por fin o seu primeiro disco, *Só Son Sons*. Eles serán os encargados de pechar a programación de Culturgal 2011.

19h00 Salón. Conversa de Teresa Cuíñas con Carlos Callón

O investigador e profesor de lingua e literatura Carlos Callón está de actualidade con dous ensaios: *Amigos e sodomitas* e *Como defender os teus dereitos lingüísticos*. Co primeiro gañou o Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais 2011.

Trátase dun libro con base histórica, pero de temática moi actual no que amosa, botando man de numerosos escritos medievais, como entre os séculos XI e XIV se configurou o pecado-delito de sodomía, inexistente nos mil primeiros anos de historia do cristianismo. O segundo segue ao seu anterior ensaio *En castellano no hay problema* é unha chamada á acción. O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística proponnos que protagonicemos no día a día a revitalización do noso idioma a través de pequenas accións, concretas e realizables. De ambos os dous falará coa xornalista Teresa Cuíñas na última conversa de salón de Culturgal 2011.

19h30 Patio. 2uS. Música espontánea e medio camiño entre o jazz, o funk e a world music

2uS é un dúo integrado por Fernando Abreu (clarinete) e Pablo Carrera (guitarra), músicos profesionais con unha



Correo-e: comunicacion@culturgal.com

Web: www.culturgal.com

Flickr: <http://www.flickr.com/photos/culturgal>

Facebook: <http://www.facebook.com/cultur.gal>

Twitter: <http://twitter.com/culturgal>

Vimeo: <http://vimeo.com/culturgal>

CULTURAL GAL

FEIRA DAS
INDUSTRIAS
CULTURAIS

ORGANIZA



PATROCINA



Axencia Galega das
Industrias Culturais



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CONCELLARÍA DE CULTURA



Cultura
Pontevedra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CULTURA



COLABORA



Deputación
Pontevedra



novacaixagalicia



FUNDACIÓN
UNIVERSIDADE DE VIGO



TELEVISIÓN DE GALICIA



RADIO GALEGA



Televisión



rede
libros



Dot:
DOTGALICIA :: MAGAZINE



Ledmon
Marketing y Multimedia



Código
Cero

TEDxGalicia
x = independently organized TED event



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



DESEÑO
E TECNOLOXÍA
CENTRO DE INNOVACIÓN
E SERVIZOS



ibeaken



ORAMA



own
the way



airas
catering



Hotel - Restaurante RÚAS



sala
kasma



GADIS

